



REGULAMENTO DO SERVIZO DE MEDIOS ALTERNATIVOS DE SOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS DO ILUSTRE COLEXIO DA AVOGACÍA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Artigo 1. Concepto

En liña co previsto pola Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, enténdese por medio adecuado de solución de controversias (MASC) calquera tipo de actividade negociadora, recoñecida lexislativamente, á que as partes dun conflito acoden de boa fe co obxecto de atopar unha solución extraxudicial a este, xa sexa por si mesmas ou coa intervención dunha terceira persoa neutral. Ninguén está obrigado a manterse no procedemento de solución de controversias nin a concluír cun acordo.

No procedemento de solución de controversias garantirase que as partes interveñan con plena igualdade de oportunidades, mantendo o equilibrio entre as súas posicións e o respecto cara aos puntos de vista que cada unha exprese, sen que a persoa mediadora poida actuar en prexuízo ou interese de calquera delas.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Este regulamento aplícase ás mediacións e ás conciliacións en asuntos civís e mercantís, incluíndo conflitos transfronteirizos, realizadas no Servizo de Solución de Controversias do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela (en diante ICA Santiago).

Poderán someterse á aplicación dos MASC, as cuestións ou pretensións susceptibles de renuncia, transacción ou arbitraxe, é dicir, que non afecten a dereitos e obrigas indispoñibles. Porén, conforme ao artigo 5 da Lei orgánica 1/2025, non se esixirá actividade negociadora previa en casos de tutela xudicial civil de dereitos fundamentais, adopción de medidas xudiciais de apoio a persoas con discapacidade, filiación, paternidade e maternidade, entre outros.

Quedan excluídos, en todo caso e salvo que así se estableza legalmente:

- a) A mediación en materia penal.
- b) A mediación en materia laboral.
- c) A mediación en materia concursal.
- d) A mediación en materia de consumo.
- e) A mediación coas administracións públicas.
- f) As materias excluídas da mediación, conforme ao disposto no apartado 9 do artigo 89 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.



- g) As materias que non estean ao dispor das partes, en virtude da lexislación aplicable, pero si será posible a súa aplicación en relación cos efectos e medidas previstos nos artigos 102 e 103 do Código civil, sen prexuízo da homologación xudicial do acordo alcanzado.

Artigo 3. Requisito de procedibilidade

Na orde xurisdiccional civil, con carácter xeral, para que sexa admisible a demanda, considerárase requisito de procedibilidade acudir previamente a algún medio adecuado de solución de controversias dos previstos na Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro.

Esixírase actividade negociadora previa á vía xurisdiccional en todos os procesos declarativos do libro II e nos procesos especiais do libro IV da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, con excepción dos que teñan por obxecto as seguintes materias:

- a) A tutela xudicial civil de dereitos fundamentais.
- b) A adopción das medidas previstas no artigo 158 do Código civil.
- c) A adopción de medidas xudiciais de apoio ás persoas con discapacidade.
- d) A filiación, paternidade e maternidade.
- e) A tutela sumaria da tenza ou da posesión dunha cousa ou dereito por quen fose despouído delas ou perturbado no seu goce.
- f) A pretensión de que o tribunal resolva, con carácter sumario, a demolición ou derrubamento dunha obra, edificio, árbore, columna ou calquera outro obxecto análogo en estado de ruína e que ameace causar danos a quen demande.
- g) O ingreso de menores con problemas de conduta en centros de protección específicos, a entrada en domicilios e restantes lugares para a execución forzosa de medidas de protección de menores ou a restitución ou retorno de menores nos supostos de subtracción internacional.
- h) O xuízo cambiario.

Non será preciso acudir a un medio adecuado de solución de controversias para a interposición dunha demanda executiva, para a solicitude de medidas cautelares previas á demanda, para a solicitude de dilixencias preliminares nin para a iniciación de expedientes de xurisdición voluntaria, con excepción dos expedientes de intervención xudicial nos casos de desacordo conxugal e na administración de bens adquiridos, así como dos de intervención xudicial en caso de desacordo no exercicio da patria potestade.

Tampouco será preciso acudir a un medio adecuado de solución de controversias para presentar a petición de requirimento europeo de pago conforme ao Regulamento (CE) 1896/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, polo que se establece un proceso monitorio europeo, ou solicitar o inicio dun proceso europeo de escasa contía, conforme ao Regulamento (CE) 861/2007 do Parlamento Europeo e do



Consello, do 11 de xullo de 2007, polo que se establece un proceso europeo de escasa contía.

Artigo 4. Finalidade e ámbito de aplicación do servizo

O Servizo de Solución de Controversias do ICA Santiago créase ao abeiro do disposto na Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, que regula, dentro das medidas en materia de eficiencia procesual, os medios adecuados de solución de controversias na vía xudicial (MASC).

A letra ñ) do artigo 5 da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, modificada pola Lei 5/2012, do 6 de xullo, atribúelle ao colexio entre as súas funcións a de: «Impulsar e desenvolver a mediación, así como desempeñar funcións de arbitraje, nacional e internacional, de conformidade co establecido na lexislación vixente.»

Así mesmo, o Estatuto xeral da avogacía española establece no seu artigo 68.m) como unha das funcións da avogacía a de exercer funcións de arbitraje nos asuntos que lles sexan sometidos, así como promover ou participar en institucións de arbitraje ou mediación.

O Servizo de Solución de Controversias actúa como instrumento especializado creado para cumprir tales funcións. O seu obxecto é o de facilitar o acceso ás modalidades alternativas de solución de conflitos, e fomentar a resolución amigable dos litixios promovendo o uso da mediación e da conciliación.

Artigo 5. Funcións

As funcións do Servizo de Solución de Controversias do ICA Santiago son:

- a) Promover, facilitar, xestionar e desenvolver a mediación e a conciliación, como medios de solución de controversias en asuntos civís e mercantís.
- b) Organizar e xestionar os Rexistros do Servizo de Solución de Controversias do ICA Santiago.
- c) Facilitarlles ás persoas interesadas, xa sexan cidadás comúns, avogadas/os, ou institucións, a relación de profesionais incorporados aos Rexistros do Servizo de Solución de Controversias do ICA Santiago.
- d) Organizar e participar na formación de persoas mediadoras.
- e) Organizar a formación continua computable para acreditar as horas anuais esixidas á persoa mediadora.
- f) Colaborar na prestación de orientación á sociedade sobre a mediación e a conciliación, como medios de solución de controversias en asuntos civís e mercantís.
- g) Garantir os recursos persoais e materiais necesarios para poder realizar os servizos de mediación e conciliación.



- h) Reunir e facilitar listaxes de profesionais da mediación doutras disciplinas ou colexios para poder realizar co-mediacións.
- i) Custodiar as actas dos procedementos de mediación e conciliación.
- l) Expedir certificacións de actas de mediación e conciliación depositadas.
- m) Expedir certificación de inscrición da persoa mediadora e/ou conciliadora nos rexistros correspondentes do Servizo de Servizo de Solución de Controversias do ICA Santiago.
- n) Dar publicidade e difundir as actividades dos Servizos de Solución de Controversias, así como da calidade dos e das profesionais que figuren no rexistro.
- ñ) Xestionar as peticións de alta no Rexistro de mediadores da Consellería de Familia e do Ministerio de Xustiza dos e das profesionais da avogacía inscritos no Rexistro do ICA Santiago.
- o) Elaborar unha memoria anual de actividades e informes estatísticos das mediacións e das conciliacións realizadas.

Artigo 6. Sede

O Servizo de Solución de Controversias ten a súa sede no domicilio do ICA Santiago.

Igualmente, organizarase a actividade negociadora en todos os partidos xudiciais do seu ámbito territorial.

Artigo 7. Organización

O servizo dependerá da Xunta de Goberno do ICA Santiago, a quen lle corresponde a súa regulación e a adopción de calquera acordo relacionado con el.

A Xunta de Goberno encomendaralle á persoa designada coordinadora en materia de mediación prover o necesario para o bo funcionamento do servizo, levar a axenda de procedementos e a quenda de persoas conciliadoras/mediadoras, coordinar as súas actividades, propoñer á Xunta a adopción dos acordos que excedan das súas atribucións para a mellor marcha do servizo.

A dita persoa coordinadora levará a cabo as funcións encomendadas e o desenvolvemento do servizo coa colaboración da secretaría técnica-xerencia do ICA Santiago, que desenvolverá todas aquelas atribucións que lle sexan delegadas, e co auxilio do persoal administrativo do ICA Santiago.

Artigo 8. Obrigas, incompatibilidades e motivos de baixa no Servizo de Solución de Controversias

1. Poderán exercer as funcións de persoa mediadora ou conciliadora as persoas colexiadas exercentes que cumpran os requisitos establecidos na LO 1/2025, do 2 de



xaneiro, e nas Normas reguladoras dos Rexistros de persoas mediadoras e conciliadoras do ICA Santiago.

2. As persoas mediadoras teñen a obriga de actualizar e perfeccionar os seus coñecementos e habilidades, formándose de maneira continua mediante a realización de cursos ou xornadas co mínimo que se determine polas leis, os regulamentos que as desenvolvan e, en todo caso, polo Servizo de Mediación.
3. Non poderán prestar servizos profesionais distintos da mediación e/ou conciliación nin asesoramento ás partes durante o procedemento de solución de controversias. Tampouco poderán prestar servizos profesionais de asesoramento e defensa posteriormente, e en ningún momento, naqueles asuntos que se deriven do devandito procedemento, incluíndo as súas incidencias.
4. Deberán axustarse, nas mediacións ou conciliacións levadas a cabo no Servizo de Solución de Controversias do ICA Santiago, ao establecido no presente regulamento e á lexislación vixente sobre a materia.
5. Poderanse dar de baixa do Servizo de Solución de Controversias do ICA Santiago as persoas mediadoras e/ou conciliadoras, no caso de:
 - a) Incumprimento sobrevido dos requisitos para ser incluídas nos Rexistros de persoas mediadoras e conciliadoras do ICA Santiago.
 - b) Abandono da mediación ou da conciliación sen causa xustificada.
 - c) Falta de asistencia a sesións de mediación sen causa xustificada.
 - d) Incumprimento do establecido no presente regulamento ou en calquera outra norma que resulte de aplicación.
 - e) A perda ou suspensión da condición de avogado/a.
 - f) Non estar ao corrente no pagamento das cotas colexiais.
 - g) Como consecuencia do resultado dun expediente deontolóxico.

Artigo 9. Lexitimación

As partes son libres para convir ou transixir, a través destes medios, sobre os seus dereitos e intereses, sempre que o acordado non sexa contrario á lei, á boa fe nin á orde pública.

Poderán utilizar o presente servizo as persoas físicas ou xurídicas que, tendo capacidade e un interese lexítimo para dispoñer do obxecto do conflito, voluntariamente decidan someterse a este procedemento a través do Servizo de Solución de Controversias do ICA Santiago.

As persoas xurídicas poderán acudir a estes medios a través do seu representante legal, ou apoderado, con facultades para transixir e comprometer os seus intereses.



Artigo 10. Inicio do procedemento

O procedemento poderá iniciarse:

- a) De común acordo entre as partes. Neste suposto poderase incluír a designación da persoa mediadora ou conciliadora ou deixar que esta sexa designada polo Servizo de Mediación e Conciliación, segundo a quenda que corresponda, de entre as persoas rexistradas nos Rexistros de persoas mediadoras e conciliadoras do ICA Santiago.
- b) Por unha soa das partes. Neste suposto a persoa solicitante deberá presentar unha solicitude escrita de mediación ou conciliación, na que deberán constar:
 - Os datos persoais de quen a presente, así como a identidade e as circunstancias da outra ou outras partes.
 - De maneira sucinta, pero coa necesaria claridade, o contido da discrepancia que é obxecto do procedemento.
 - Indicación específica do correo electrónico da parte contraria e do seu DNI, para os efectos de citación electrónica e, subsidiariamente, o seu correo postal.
 - Deberase indicar especificamente o teléfono da parte solicitante, o correo electrónico a efectos de citacións, así como, no seu caso, o medio do que se dispón para a realización dos encontros virtuais mediante videoconferencia.

Se as outras partes aceptan a mediación ou a conciliación, as partes procederán a pagar o importe dos honorarios correspondentes á sesión informativa constitutiva, con carácter previo á designación. Se non a aceptan, considerarase intentada sen efecto e non se procederá á designación.

En calquera caso, o inicio do procedemento requirirá o pagamento dos importes que correspondan segundo o indicado no artigo 23 e no anexo 1.

Artigo 11. Requisitos para exercer a función de persoa mediadora ou conciliadora

Poden ser persoas mediadoras ou conciliadoras os e as profesionais da avogacía, que posúan colexiación como exercentes residentes no ICA Santiago, que se atopen en pleno exercicio dos seus dereitos civís e que cumpran, unicamente para a mediación, as condicións seguintes:

- a) Contar con formación específica para exercer a mediación, adquirida mediante a realización de cursos impartidos por institucións debidamente acreditadas (RD 980/2013).
- b) Contar, de ser o caso, con formación ou experiencia nas materias correspondentes ás especializacións de que dispoña o Servizo de Mediación do ICA Santiago.

Dado que se trata dun servizo de conciliación privada prestado polo ICA Santiago, non se admitirán as peticións de inclusión nos correspondentes rexistros provenientes profesionais alleos a esta corporación.



A persoa conciliadora ou mediadora será designada polo Servizo de MASC de entre as persoas rexistradas nos Rexistros do ICA Santiago, seguindo a orde das listaxes que se confeccionarán e, en todo caso, seguindo unha quenda obxectiva e transparente. As listaxes dos rexistros confeccionaranse por orde alfabética; non obstante, a primeira designación realizarase por sorteo e seguirase a orde a partir da letra resultante.

As listaxes serán abertas e poderá solicitarse a incorporación durante todo o ano.

Artigo 12. Imparcialidade e neutralidade

Antes de iniciar ou de continuar a súa tarefa, a persoa mediadora ou conciliadora debe revelar toda circunstancia que poida afectar a súa imparcialidade ou supoñer un conflito de intereses. Esta obriga persistirá durante todo o proceso.

Tales circunstancias son:

- a) Calquera tipo de relación persoal, contractual ou empresarial cunha das partes.
- b) Ter interese, directo ou indirecto, no resultado da mediación ou conciliación.
- c) Que a persoa mediadora ou conciliadora, ou un membro da súa empresa ou organización, actuasen a favor dunha ou varias das partes en calquera circunstancia, con excepción da mediación.

Nestes casos a persoa mediadora ou conciliadora só pode aceptar ou continuar o procedemento de solución de controversias baixo a condición de estar segura de podela realizar con total imparcialidade, sempre que as partes o consintan explicitamente e así o fagan constar expresamente.

Ás persoas conciliadoras ou mediadoras seranlles de aplicación as obrigas, as incompatibilidades e as limitacións previstas no Regulamento de mediación vixente, no Estatuto colexial, no Estatuto xeral da avogacía española, no Código deontolóxico e as establecidas na lexislación vixente nesta materia.

Artigo 13. Aceptación do procedemento

O Servizo de Solución de Controversias examinará a solicitude e comprobará se se dan os requisitos necesarios para acollela no devandito procedemento. Entre os ditos requisitos atópase o pagamento do importe inicial fixado polo ICA Santiago segundo se recolle no artigo 23 e no anexo 1.

Se o procedemento é iniciado de mutuo acordo por todas as partes, procederase directamente á designación da persoa mediadora ou conciliadora, logo de constatar o depósito dos honorarios correspondentes á primeira sesión. Se non, esperarase a confirmar se as outras partes aceptan ou non a mediación ou conciliación.

Entenderase que a parte requirida se opón a levar a cabo a mediación ou conciliación se non contesta o requirimento do Servizo no prazo de 30 días naturais, contados desde a data de recepción da solicitude de negociación. Segundo o caso:



- Se non a aceptan, considerarase intentada sen efecto e non se procederá á designación.
- Se a aceptan, procederase ao nomeamento e designarase, segundo corresponda, a persoa mediadora ou conciliadora, de conformidade coas normas reguladoras do Rexistro de persoas mediadoras e conciliadoras do ICA Santiago, logo de constatar o depósito dos honorarios correspondentes á primeira sesión.

A persoa designada deberá aceptar, de forma expresamente documentada, a responsabilidade da xestión leal, obxectiva, neutral e imparcial da encarga recibida. A aceptación obrigará a cumprir fielmente a encarga e, se non o fixer, incorrerá en responsabilidade polos danos e perdas que causar.

Se a devandita aceptación non se leva a cabo nos 5 días hábiles seguintes á recepción da designación, considerarase que a persoa designada non aceptou a encarga e procederase a unha nova designación.

Unha vez aceptada a encarga, a persoa designada citará nun prazo non superior a 10 días as partes para a realización da sesión informativa/constitutiva, coa advertencia das consecuencias da súa falta de asistencia.

De non acudir a parte non solicitante ou, no caso de mutuo acordo, non comparece algunha delas, entenderase que non se acepta o procedemento e así se comunicará a todas elas, co consecuente arquivo da solicitude.

En todo caso levantarase acta da sesión e, de ser o caso, incluírase a declaración do intento sen efecto, coas sinaturas de todas as persoas intervinientes.

Artigo 14. Asistencia letrada

As partes poderán acudir a calquera dos MASC asistidas de profesionais da avogacía.

Artigo 15. Actuacións desenvolvidas por medios telemáticos

1. As partes poderán acordar que todas ou algunha das actuacións de negociación no marco dun medio adecuado de solución de controversias se leven a cabo por medios telemáticos, sempre que quede garantida a identidade das persoas intervinientes e o respecto á lei.
2. As reclamacións de cantidade que non excedan de 600 euros desenvolveranse preferentemente por medios telemáticos, salvo que o emprego destes non lle sexa posible a algunha das partes.

Artigo 16. Desenvolvemento de actuacións e funcións da persoa mediadora e/ou conciliadora

Unha vez aceptada a designación como persoa mediadora ou conciliadora, as súas funcións serán, esencialmente:



- a) Realizar unha sesión inicial para informar as partes das posibles causas que poidan afectar a súa imparcialidade, da súa profesión, formación e experiencia; así como das características do procedemento elixido, do seu custo, da organización do procedemento elixido e das consecuencias xurídicas do acordo que se puidese alcanzar.
- b) Documentar cunha acta o inicio do procedemento, asinada por todas as partes, na que se delimitará o obxecto da controversia, os honorarios e se as partes van comparecer por si mesmas ou asistidas de letrado, letrada ou representante legal.
- c) Xestionar por si mesma, ou polas persoas que a auxilién e lle dean soporte administrativo, a recepción da solicitude, as notificacións correspondentes e a citación para as reunións presenciais ou virtuais que se precisen.
- d) Presidir as reunións das partes e dirixir todos os trámites do proceso, ben sexa persoalmente ou por medio de instrumentos telemáticos.
- e) Dar a palabra de forma ordenada e equitativa a cada unha das partes, para o que poderá realizar as sesións conxuntas ou individuais que estime pertinentes.
- f) Poñer de manifesto ás partes as dimensións extraxurídicas da controversia e as vantaxes que poden obterse se se alcanza un acordo razoable.
- g) No caso de conciliación, a persoa conciliadora poderá formularlles directamente ás partes posibles solucións e convidalas a que formulen posibles propostas de solución que constrúan un eficaz acordo común.
- h) No caso de que exista acordo total ou parcial das partes no desenvolvemento do proceso de solución de controversias elixido, requirir os profesionais da avogacía das partes, se estivesen a participar no proceso, para que supervisen o acordo.
- i) Elaborar unha acta final na que se recolla a proposta sobre a que existe acordo total ou parcial e asinar na súa calidade de persoa mediadora ou conciliadora o devandito acordo xunto coas partes e mais os seus respectivos profesionais da avogacía ou representantes legais, se estivesen a participar no proceso.
- l) No caso de desacordo, emitir unha certificación acreditativa de que se intentou sen efecto o procedemento de solución de controversias elixido.
- m) Se a parte requirida rexeitase participar no proceso, facelo constar no certificado que emita.
- n) Achegar a certificación ao colexio e ás partes sobre as actuacións levadas a cabo, cos requisitos legais.

Artigo 17. Duración

O procedemento de mediación terá a duración máis breve posible e as súas actuacións concentraranse no mínimo número de sesións.



En todo caso, a duración máxima do procedemento será de tres meses desde a recepción da solicitude.

Artigo 18. Acreditación do intento de negociación e terminación do proceso sen acordo

1. Para cumprir co requisito de procedibilidade, a persoa mediadora ou conciliadora deberá expedir, a pedimento de calquera das partes, un documento no que deberá facer constar:
 - a) A identidade do terceiro, a súa cualificación, colexio profesional, institución á que pertence ou rexistro no que estea rexistrado.
 - b) A identidade das partes.
 - c) O obxecto da controversia.
 - d) A data da reunión ou reunións mantidas.
 - e) A declaración solemne de que as dúas partes interviñeron de boa fe no proceso, para que produza efectos ante a autoridade xudicial correspondente.
 - f) No caso de que algunha das partes non compareza ou rexeite a invitación para participar na actividade negociadora, consignarase tal circunstancia, así como a forma na que se realizou a citación efectiva, a xustificación de ser realizada e a data de recepción desta.
2. Entenderase que se produciu a terminación do proceso sen acordo:
 - a) Se transcorresen trinta días naturais contados desde a data de recepción da solicitude inicial de negociación pola outra parte e non se mantivese a primeira reunión ou contacto dirixido a alcanzar un acordo ou non se obteña resposta por escrito.
 - b) Se, unha vez iniciada a actividade negociadora, transcorresen trinta días desde que unha das partes lle faga unha proposta concreta de acordo á outra, sen que se alcance acordo nin se obteña resposta por escrito. O prazo de trinta días comezará a contar desde a data de recepción da proposta concreta do acordo.
 - c) Se transcorresen tres meses desde a data de realización da primeira reunión sen que se alcanzase un acordo. Non obstante, as partes teñen dereito a continuar de mutuo acordo coa actividade negociadora máis aló do devandito prazo.
 - d) Se calquera das partes se dirixise por escrito á outra para dar por terminadas as negociacións, coa constancia do intento de comunicación de ser esa a súa vontade.

Artigo 19. Formalización do acordo

1. No documento que recolla o acordo deberase facer constar, ademais dos datos do da persoa mediadora ou conciliadora:



- a) A identidade e o domicilio das partes.
 - b) De ser o caso, a identidade das súas avogadas e avogados.
 - c) O lugar e data en que se subscribe.
 - d) As obrigas que cada parte asume.
 - e) Que se seguiu un procedemento de negociación axustado ás previsións legais.
2. O acordo deberá ser asinado polas partes e, de ser o caso, polos seus representantes, e cada unha delas terá dereito a obter unha copia. A persoa mediadora ou conciliadora deberá reservarse outro exemplar para a súa conservación.
3. As partes poderán compelerse reciprocamente a elevar o acordo alcanzado a escritura pública.
4. O acordo pode versar sobre unha parte ou sobre a totalidade das materias sometidas á negociación e será vinculante para as partes.

Artigo 20. Cómputo de prazos

Para os fins do cómputo dos prazos establecidos no presente Regulamento, entenderase que os días son sempre naturais e que o mes de agosto e o período do nadal son inhábiles.

O cómputo dos prazos comezará a partir do día seguinte á recepción da notificación e finalizará ás 15.00 horas do día seguinte á expiración do termo.

Toda notificación ou comunicación considerárase recibida o día en que lle fose entregada persoalmente á persoa destinataria, ou no día en que fose entregada no seu domicilio, residencia habitual, establecemento ou enderezo.

Será válida a notificación practicada por correo electrónico, fax ou outro medio de comunicación electrónico, telemático ou doutra clase que permita o envío e a recepción de escritos e documentos e que deixe constancia da súa emisión e recepción, sempre que fosen designados pola persoa interesada.

Artigo 21. Efectos sobre os prazos de prescripción e caducidade

A solicitude de inicio do procedemento interromperá a prescripción ou suspenderá a caducidade de accións desde a data en que conste a recepción da devandita solicitude pola persoa mediadora ou conciliadora, reiniciándose ou renovándose, respectivamente, o cómputo dos prazos no caso de que, no prazo de quince días naturais desde a data da recepción da solicitude pola persoa designada, esta non intentou a comunicación coa outra parte, así como no caso de que, no prazo de quince días naturais desde a recepción da proposta pola parte á que se dirixe a solicitude do procedemento, ou desde a data de intento da comunicación, se a dita recepción non se produce, non se manteña a primeira reunión dirixida a alcanzar un acordo, ou non se obteña resposta por escrito.



No caso de que se abra a conciliación ou a mediación, a interrupción ou a suspensión prolongarase ata a data da sinatura do acordo ou da terminación do proceso de negociación sen acordo.

No caso de que algunha proposta concreta de acordo non teña resposta pola parte contraria no prazo de trinta días naturais desde a data de recepción, reiniciarase ou renovarase respectivamente o cómputo dos prazos.

Artigo 22. Confidencialidade e protección de datos

1. Os procedementos de solución de controversias e mais a documentación utilizada son confidenciais. A obriga de confidencialidade esténdese ao á persoa mediadora ou conciliadora, ás partes en conflito, de ser o caso, aos seus representantes, e aos letrados, letradas ou demais persoas que poidan intervir no procedemento, de modo que non poderán revelar a información que puideren obter derivada do procedemento. A infracción do deber de confidencialidade xerará responsabilidade nos termos previstos no ordenamento xurídico.

Son excepción á devandita confidencialidade os seguintes supostos:

- a) Que as partes e, de ser o caso, o resto das persoas participantes nun proceso de solución de controversias, dispensen, de maneira expresa, desta obriga.
 - b) Cando se estea tramitando a impugnación da taxación de custas e a solicitude de exoneración ou moderación destas, segundo o previsto no artigo 245 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil e para eses únicos fins, sen que poida utilizarse para outros diferentes nin en procesos posteriores.
 - c) Cando sexa solicitada por xuíces ou xuízas da orde penal mediante resolución xudicial motivada.
 - d) Cando sexa necesario por razóns de orde pública, en particular, cando así o requira a protección do interese superior do menor ou a prevención de danos á integridade física ou psicolóxica dunha persoa.
2. As partes dun proceso de solución de controversias non poden solicitar a declaración da persoa mediadora ou conciliadora como perito ou testemuña nun procedemento xudicial, sen prexuízo do establecido pola lexislación penal e procesual.
 3. Os tratamentos de datos de carácter persoal das persoas físicas realizaranse con estrita suxeición ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas, no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



Artigo 23. Dereitos de xestión e administración do servizo e honorarios profesionais das persoas que interveñan como mediadoras ou conciliadoras

Co fin de satisfacer os gastos xerados pola incoación do procedemento, o escrito de solicitude deberá ir acompañado do resgardo do pagamento dos gastos de xestión e administración, cuxo importe será o establecido pola Xunta de Goberno do ICA Santiago e que se determina no anexo 1 do presente Regulamento.

Unha vez designada a persoa mediadora ou conciliadora e logo de acordar entre as partes a iniciación do procedemento de solución de controversias, este poderá tramitarse a través do Servizo do ICA Santiago, ou por conta e baixo a xestión e administración da persoa mediadora ou conciliadora. Se o procedemento se tramita a través do Servizo do ICA Santiago, devindicaranse os dereitos de tramitación que a Xunta de Goberno estableza co fin de cubrir os gastos que se debeñan polo uso dos medios colexiais, e que se determinan no anexo 1.

O custo de tramitación e os honorarios da persoa mediadora ou conciliadora, conclúise ou non o procedemento co resultado dun acordo, dividirase por igual entre as partes, salvo pacto en sentido contrario.

Se as partes ou algunha delas non realizasen en prazo o pagamento das taxas ou dos honorarios correspondentes, o Servizo de Solución de Controversias do ICA Santiago ou a persoa designada poderán dar por concluído o procedemento notificándollelo ás partes e sen que iso dispense do pagamento dos importes xa devindicados. Con todo, a persoa mediadora ou conciliadora ou o Servizo de Solución de Controversias do ICA Santiago, antes de acordar a conclusión do procedemento, comunicaralles ás demais partes tal circunstancia por se a outra ou outras tivesen interese en suplir o devandito pagamento e continuar a tramitación, para o que dispoñerán dun prazo de tres días desde a notificación.

Artigo 24. Lexislación aplicable

Toda mediación ou conciliación sometida ao Servizo de Solución de Controversias en Asuntos Cívís e Mercantís do ICA Santiago rexerase polo disposto no presente Regulamento e polo establecido na Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, e na Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos cívís e mercantís, así como nas demais leis de aplicación e regulamentos que as desenvolvan.



ANEXO 1

CUSTOS DO SERVIZO E HONORARIOS

1. Xestión colexial

1.1 Solicitude: 30 € + IVE

- Inicio do expediente
- Notificación á parte contraria por sede electrónica

Se a persoa solicitante quere que a notificación se realice por burofax coa certificación do contido, terá que aboar a maiores, en concepto de suplido, o custo facturado por Correos.

1.2 Xestión do expediente e designación

- Certificación de non aceptación o MASC: 30 €
- De aceptarse o MASC, designación do/a profesional e certificación dos acordos de:
 - Conciliación: 30 € + IVE
 - Mediación: 80 € + IVE

2. Honorarios do conciliador/a e do mediador/a

2.1 Conciliador/a:

- Sen avinza: 100 € + IVE
- Con avinza: 150 € + IVE (segundo as cantidades orientadoras ou de referencia dos Criterios da Xunta para as conciliacións civís)

2.2 Mediador/a: 132 € por sesión (máximo 3 sesións de 1 hora) (segundo o establecido no baremo da quenda de oficio para a vía previa administrativa)

Se o mediador/a acada un acordo entre as partes, ademais das sesións de mediación, poderá incrementar os seus honorarios cun 1 % sobre a cantidade pola que se transixiu, cun mínimo de 150 euros e un máximo de 1.000 euros. Non obstante, por acordo das partes e do mediador/a, poderase modificar a contía destes honorarios.